

Anuncio. Decreto do alcalde núm. 721/2021 do 02/06/2021.

Asunto: cesamento dos tenentes de alcalde

ANTECEDENTES

1. Logo de ver que o alcalde, no uso das competencias que lle outorga a lexislación vixente, no decreto núm. 864/2019, do 07/07/2019 (*Boletín Oficial da Provincia* núm. 143 do 31/07/2021), resolveu constituír a Xunta de Goberno Local, e o nomear aos membros que a integran.
2. E de ver que no decreto o alcalde núm. 865/2019, do 08/07/2021, (*Boletín Oficial da Provincia* núm. 143 do 31/07/2021), resolveu nomear tenentes de alcalde aos concelleiros da Xunta de Goberno Local:

Primeiro tenente de alcalde	:	José Antonio Ucha Velo	(PSdeG-PSOE)
Segundo tenente de alcalde	:	Carlos Turnes Romero	(PSdeG-PSOE)
Terceiro tenente de alcalde	:	Jessica Antelo Álvarez	(PSdeG-PSOE)
3. E de ver as actuacións políticas adoptadas polos tenentes de alcalde que afectan negativamente ao normal desenvolvemento do goberno municipal, este alcalde, por falta de confianza, considera necesario o cesamento dos tenentes de alcalde mencionados.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Logo de ver que corresponde ao alcalde o nomeamento dos tenentes de alcalde, ao abeiro do artigo 21.2 da Lei 7/1985, do 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, (BOE núm. 80 do 03/04/1985), (en diante LBRL).
2. Logo de ver que os tenentes de alcalde substitúen, pola orde do seu nomeamento e nos casos de vacante ausencia ou enfermidade ao alcalde, sendo libremente designados e revogados polo este de entre os membros da Xunta de Goberno Local (artigo 23.3 da LBRL).
3. E de ver que os tenentes de alcalde serán libremente nomeados e cesados polo alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local, ao abeiro do artigo 46.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, (BOE núm. 305, do 22/12/1986), (en diante, ROF), e o artigo 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, (DOG núm. 149 do 5/08/1997 e BOE núm. 237 de 3/10/1997), (en diante LALGA).
4. E de ver que a condición de tenente de alcalde se perde, ademais de polo cesamento, por renuncia expresa manifestada por escrito e por perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local (artigo 46.3 do ROF).
5. E de ver que os nomeamentos e cesamentos dos tenentes de alcalde serán adoptados coas formalidades prescritas no número primeiro do artigo 46 do ROF, ao abeiro do artigo 52.4 do ROF.
6. E de ver que os nomeamentos e os cesamentos dos tenentes de alcalde se realizarán mediante resolución do alcalde da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e se publicarán no *Boletín Oficial da Provincia* sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución polo alcalde, se nela non se dispuxera outra cousa, ao abeiro do artigo 46.1 do ROF.

De acordo con todo o indicado, ao abeiro dos artigos 21.e 23.3 da LBRL; o 46 do ROF.1 do ROF e o artigo 62 da LALGA, **RESOLVO**:

1. Cesar aos tenentes de alcalde:

Primeiro tenente de alcalde	: José Antonio Ucha Velo	(PSdeG-PSOE)
Segundo tenente de alcalde	: Carlos Turnes Romero	(PSdeG-PSOE)
Terceiro tenente de alcalde	: Jessica Antelo Álvarez	(PSdeG-PSOE)

2. O cesamento dos tenentes de alcalde mencionados terá efecto desde a data deste decreto, con independencia da data de publicación, ao abeiro do artigo 44 e 46 do ROF.
3. Notificar este decreto aos concelleiros mencionados.
4. Publicar este decreto no *Boletín Oficial da Provincia*, no Taboleiro de Edictos Electrónico e na sede electrónica municipal.
5. Dar conta á secretaria de Estado das Administracións Públicas, por medio do Portal das Entidades Locais (seguimento de concelleiros).
6. Dar conta ao Pleno na primeira sesión que este celebre. Tamén aos departamentos municipais.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

David Barbeira García
(Documento que se asina electronicamente)

Dou fe
A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada

Santa Comba, 2 de xuño de 2021

O alcalde

David Barbeira García